

OQUES GRASSES

FANS DEL SOL

A BANDA

Oques Grasses é unha das formacións revelación na música catalá dos últimos tempos. Non hai fronteiras entre grupo e público, son o mesmo. Ou todo o contrario. Non é fácil definirse, alomenos coa palabra. Eles prefíren facelo no espello do escenario, cos seus espectadores como único reflexo. Aí está a verdade, alí se atopan eles, alí se recoñecen. A súa música colle forma no cara a cara co público. A súa natureza pertence á estirpe das bandas multinstrumentais, que nos poden levar a sensibilidades que agroman desde Nova Orleáns. Ou non, porque son iso ou o seu oposto. Considéranse só xente que explica o que vive e o que sente, con cancións e sen cancións. Vense como músicos, mais tamén como momentos, coma calquera e coma todos. A súa discografía está cargada de rechamantes sons e depurada técnica: só hai que escoitar *Un día no sé com* (2012), *Digue-n'hi com vulguis* (2014), *You Poni* (2016) ou o recente *Fans del sol* (2019).

O ESPECTÁCULO

Oques Grasses rompen un longo ano de silencio para anunciar que publicarán o seu cuarto disco a principios de ano.

Oques Grasses é unha das formacións revelación na música catalana dos últimos tempos. No seu novo disco, *Fans del sol*, o seu estilo musical toma risco para encherse de novas sonoridades propias de países americanos ou outros recunchos. Unha aposta de presente e futuro que deleitará ao seu público.

FICHA ARTÍSTICA

JOSEP MONTERO: voz e guitarra

AMAU ALTIMIR: batería

JOAN BORRÀS: teclado

GUILLEM REALP: baixo

MIQUEL BIARNÉS: trombón

MIQUEL ROJO: trompeta

JOSEP VALLDENEU: saxo



75'



TODOS OS PÚBLICOS



INFO



VÍDEO

CULTURACTIVA